



Federación Galega de Caza en A Coruña

Desconvocada a asemblea de votacións prevista para o 4 de setembro.

Manuel Saa, reelegido presidente provincial

Carballo, 11 de agosto.- A asemblea xeral da Federación Galega de Caza na Coruña, en sesión extraordinaria celebrada en Carballo no pasado mes de xuño, acordaba a convocatoria de eleccións a presidente provincial, aprobaba o calendario electoral que rexiría os prazos do proceso electoral e elixía á xunta electoral que quedaba integrada por Francisco Jesús Suárez Calvo, Juan Luis Ríos Arnejo e Andrés Breijo Cotelo.



Durante o prazo de presentación de candidaturas tan só se presentou a candidatura do ortegano Manuel Saa Casariego, que reunía tódolos requisitos establecidos pola normativa electoral e contra a que non se presentou ningunha impugnación, polo que a Xunta Electoral en reunión celebrada o 7 de agosto, dando cumprimento ao establecido na orde 3-4-2006 da Consellería de Cultura e Deporte, acordou desconvocar a asemblea de votacións prevista para o 4 de setembro e proclamar como Presidente Provincial a Manuel Saa, trasladando esta proposta ao presidente da Federación Galega de Caza para o seu nomeamento.

Saa Casariego, natural de Foz (Lugo), funcionario de profesión, cazador desde os 18 anos, desempeñou diversos cargos en entidades cinexéticas. No ano 2005 tras unhas disputadas votacións era elixido presidente provincial, cargo para o que ven de ser reelegido na actualidade.

GABINETE DE COMUNICACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA NA CORUÑA